

O Concello de Verín iniciou, fai uns meses, os trámites para solicitar a declaración das augas do Balneario de Caldeliñas como mineiro-medicinais e termais, co fin de demandar con posterioridade o seu aproveitamento. Aínda que xa contaba coa declaración de utilidade pública dende o ano 1859, estes trámites son necesarios para establecer, legalmente, a categoría de balneario; unha situación que agora non é posible e constitúe unha das maiores obstáculos para os diferentes potenciais inversores que nos últimos meses visitaron o manantial.

Por este motivo, xa se realizaron os traballos para presentar a primeira analítica esixida pola Xunta de Galicia que, xunto coa documentación aportada polo Concello de Verín sobre as declaracións históricas das augas e ata das súas instalacións -grazas á colaboración de diferentes organizacións, institucións académicas e organismos nacionais relacionados co sector-, debería ser suficiente para conseguir a declaración definitiva e, con posterioridade, o inicio dos trámites para a solicitude de aproveitamento. O Concello está agora á espera dos resultados para remitir á Xunta, pero somos optimistas porque xa se aceptou desde a Delegación Provincial a simplificación de proceso, unha vez que se nos pediu realizar unha única mostra, tras haber probado a declaración histórica da utilidade pública das augas. A pesar do esforzo na recuperación de documentos dos tres últimos séculos, esto queda compensado coa diminución de custos e de tempo no proceso, pois de outro modo, o proceso conlevaría 12 analíticas.

O Balneario de Caldeliñas, nome que procede de “caldas”, debido á temperatura das súas augas, acolleu unha das primeiras estancias termas da parte sur da provincia de Ourense. Con todo, a actividade de Caldeliñas como estancia termal e a de Verín como vila balnearia foise desvanecendo dende os anos 60, década na que se pecharon as estancias termas do municipio, aínda que a súa imaxe nacional e internacional mantívose grazas ao volume de vendas que as tres plantas envasadoras teñen nos cinco continentes.

As augas do manantial de Caldeliñas teñen unha temperatura comprobada de 24°C, que podería superarse con máis perforacións, un caudal de 83 litros/minuto e posúe as seguintes características: bicarbonatada-sódica, litínica, fluorada, salina e alcalina. No ano 1817, Caldeliñas estaba administrado polo Concello de Verín, a quen neses momentos a quen neses momentos compételle a declaración das augas de ben de utilidade pública, facéndoo no ano 1859. Posteriormente, cando estas competencias pasaron ao Goberno Central, Caldeliñas foi contemplada na compilación de augas recoñecidas a nivel nacional, realizada a través da Real Orde de 1868. Este recoñecemento ratifícase na lista de establecementos con augas mineiro-medicinais recoñecidas de utilidade pública na Gaceta de Madrid (antiga denominación do actual BOE) do 16 de Abril de 1869. Así, cada ano, era o Rei quen asinaba a apertura das

chamadas tempadas oficiais. Posteriormente, na Real Orde de 1889 (Gaceta de Madrid de 22.07.1889), recoñécese o disfrute das augas mineromedicinais desde tempo inmemorial; e por non considerarse correcto o uso e mantemento das súas instalacións, decídese nese ano a súa expropiación.

Os turistas de saúde e benestar non galegos que escollen Galicia como destino son maioritariamente procedentes de Castela e León, Madrid e o Norte de Portugal. Verín é neste momento, o lugar máis próximo destes destinos emisores. Para o turista, a distancia xa non é importante, senón o tempo de desprazamento. Verín ten unha situación xeográfica privilexiada, tanto polos dous aeroportos internacionais a menos de 1.30h ou pola distancia en coche aos dous maiores núcleos urbanos da Península Ibérica e que se atopan a menos de 4 horas -Madrid e Lisboa-; así como, no radio de distancias no que conta cunha poboación residencial de máis de 11.000.000 de habitantes. Por este motivo, desde o Concello de Verín estase traballando, no último ano, na divulgación do destino e a asociación deste ao termalismo, saúde, benestar e natureza -unha actuación xa recoñecida grazas ao premio de mellor xestión municipal de impulso ao turismo, concedido pola revista "Viaxes e Turismo"-.